

CERTAME DE NARRACIÓN E DEBUXO INFANTIL

Letras Galegas 2025

-Convocatoria Provincial-

A BIBLIOTECA PÚBLICA DE LUGO, co patrocinio da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia, convoca o CERTAME DE NARRACIÓN E DEBUXO INFANTIL LETRAS GALEGAS 2025 (Fase Provincial), de acordo coas seguintes bases:

1.- Poden participar todas as nenas e nenos con:

A) Narracións, en galego, cunha extensión máxima de **1 folio por unha soa cara**, sobre o tema proposto a continuación:

“Ler con coñecemento”.

Hai novelas, hai cómics, hai mangas, hai libros de poesía, hai álbums ilustrados.. e hai outros libros que nos informan sobre como voa un avión ou que acontece dentro dun volcán.

Ás veces os libros serven para mergullarnos nunha historia e outras para coñecer e aprender moitas cousas que non sabemos. De que tema che gustaría atopar libros? Que libros deste tipo coñeces ou chamaron a túa atención? Conta, conta.

B) Debuxos, feitos sobre **papel ou cartolina** tamaño **DIN A4**, sobre o tema proposto a continuación:

“Ler con coñecemento”.

Hai novelas, hai cómics, hai mangas, hai libros de poesía, hai álbums ilustrados.. e hai outros libros que nos informan sobre como voa un avión ou que acontece dentro dun volcán.

Ás veces os libros serven para mergullarnos nunha historia e outras para coñecer e aprender moitas cousas que non sabemos. De que tema che gustaría atopar libros? Que libros deste tipo coñeces ou chamaron a túa atención? Conta, conta.

2.- Establécense tres categorías: **A**, ata 8 anos; **B**, de 9 a 11 anos; e **C**, de 12 a 16 anos.

3.- Cada biblioteca pode presentar un máximo de 3 traballos por cada modalidade e categoría.

4.- As bibliotecas municipais remitirán os traballos seleccionados á Biblioteca Pública de Lugo antes do **vindeiro 10 de xuño**.

5.- O xurado, formado por persoas entendidas na materia, seleccionará por cada modalidade e categoría os 3 mellores traballos. Os autores seleccionados recibirán cadansúa estatuiña de Sargadelos e un lote de libros. O fallo do xurado farase público no mes de xuño.